



LEMBRANZAS DE ONTE E O HOME DO VIOLÍN

V CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S.A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: **Xosé Luis Teixeira Castro**

ANO 1992

Aquel home que vai pola rúa, o do paraugas, lémbreme ó personaxe dun conto que está grabado para sempre na miña memoria. Está dentro de min coma unha lembranza da nenez, cando ó carón da lareira o meu avó contaba historias que era un gusto escoitar, e máis se fóra ía frío ou chovía. Pode parecer unha parvada, pero considereirei sempre que aqueles contos eran e serían para min unha herdanza que me facía meu avó: contos que falaban, con doce sabor, daquel xeito de vivir que agora se nos antoxa tan pintoresco... E non é que sexan fábulas ou historias –ás que el só se referiría como «contos»– increíblemente boas ou do outro mundo; é só que o contaba alguén ó que lle terei sempre moito cariño, pois era, e para min segueo sendo, moi grande, moi grande de corazón. Tamén é, a historia que vos vou contar, das poucas que lembro perfectamente, xa que outras moitas esquecinas, ou ben en épocas de absurda e renegadora rebeldía adolescente, ou ben inmerso na alienante sociedade «moderna». Unha pena.

Lembro que aquel conto tiña fama e era tan popular na familia –e comenzaba sempre co ineludible: «Vouvos contar un conto...»– que ninguén bocexa namentres o avó «lle daba xeito», e tanto xeito lle daba que non permitiríamos que parase nin para atizalo lume. Pouco a pouco ía construindo un mosaico de impecable beleza, e sempre sen chegar a facerse pesado, coa maestría que supoño adquiriu do seu pai, e mesmo de seu avó. Facíanos así

buro. Apagábaseme a chama por momentos, e iso que non era moito o vento que corría.

¿Sabedes que o Marcelino, o de Ramil e o deste conto, ten un fillo estudiado? Pois é certo. Din que se empregou agora na diputación provincial de Lugo. ¡A ver se aprendes tí! –dixo mirando cara min. Érache ben novo cando marchou estudar a Santiago e mirade agora. Queira Deus que poida ver ó meu neto estudiado... Ten sorte o demo do Marcelino.

Ben, vou seguir co conto. Sei que non pestanexades, ¡e mira que o contei máis dunha «vegada»!... Saín, como dixeran, entrada a noite. Unha noite na que poucos homes se atreverían a cruza-las pontes dos Reás. pero cruceinas sen novidade, lixeiro como un merlo –¡érache ben novo daquela!

Sabedes que chegando a San Martín de Castro, preto do onde vivía a Gala, Deus lle perdone á pobre muller, había un muiño (que non sei se aínda estará en pé). Alí foi onde parei aquela noite para coller folgos. Non sei por qué, pero apaguei a lapa e púxeme escoitar os desacou-gantes ruído cos que nos fala a noite, para o que quere escoitar... Xa non se oía o arrepiante oubeo dos lobos. Asustoume un moucho co seu monótono canto, e digo eu que tería o niño no muiño vello, pois así fan normalmente todas esas aves como a curuxa, a noitarega, e moitas que non coñezo ben polo nome.

Creedes que non viñan ó caso parar alí, nun sitio que é bo para os ladrós –que xa parece que non andan por ahí adiante– ou para unha broma desas que fan quedar tate-xo a un para toda a vida: pero ás veces non entendo cousas que fixen cando era novo, e polo tanto tolo –e ollou descaradamente para min, sorrindo malicioso... Teño que dicir que aínda hoxe me gustan as noites que se asemellan a aquela, na que brillaba unha bonita lúa chea. O luar sempre é bo para perderlle o medo á noite, pois vese mellor; pero tamén é bo para outras cousas que non son tan boas: lobos, meigas...

Tiña eu asistido a moitas chegadas ó mundo. Chamábanme, e ben sabedes que ás veces aínda o fan –e isto, recórdome ben, díxonolo cun certo aire satisfeito– para calquera problema. O veterinario quedaba antes máis lonxe que agora, que está a un paso, coma quen di. Pois ben aquela noite asistín ó nacemento dun cuxiño xeitoso, limpo, e co fuciño pequeno e húmido. Dáballe ó rabo en inequívoca mostra de saúde e ganas de mamar do leite da súa nai, a vaca de meu amigo Marcelino. Eu vialle ó cuxo uns ollos como lagoas –poida que coma a de Cospeito– tristes e profundos. Dignos de ver e admirar (xa sabedes que sempre fun moi amigo de mirarlle e admirarlle os ollos a todos os da familia, e ós animais tamén).

Logo de estar unhas horas na corte, onde se reunira toda a familia –ata os cativos– para ver como saía do paso o pobre cuxiño, púxenme de contos co Marcelino

para mata-lo tempo, e co seu cuñado de Madrid. Cos contos e co viño chegaron as cinco da mañá voando, e eu que tiña que voltar á casa para axudarlle á muller...

Descubrín aquel día que o Marcelino contaba moi ben os contos, e quedei gratamente sorprendido. Contoume unha chea deles que fixeron espiga-los pelos (moitos deles xa foron contados nesta mesma lareira). Pero o que pasou aquela noite afectábanos a nós...

Non me lembro por qué e cómo chegamos a falar dun home que vivía a carón da súa casa. Estaba na miseria, pero lograba seguir vivo gracias a que ía polas casas pedindo algo, e tocando o seu violín. Dicían que viñera de pequeno para a aldea, e que lle morreran os pais. Outros aseguraban que quedara por propia vontade despóis de que lle asasinaran ós pais uns que andaban roubando, e que se dí que acabaron todos fusilados. O caso é que o home era algo raro. Non ía a misa e pedía esmola, algo que lle quitaba a sona, aínda que pareza que non, pois éravos un grande músico. As xentes dos arredores quedábanse case durmidas cando «o home do violín» –que así se lle chamou– interpretaba algunha peza. Sempre tocaba cancións tristesiras: a súa vida supoño que tamén o sería...

Ninguén lle sabía o nome. Dende logo ninguén lle falaba, ás veces só por non pensar en como dirixirse a el. Pero cando pedía facíao cun ollar triste, que daba verdadeira lástima, e coa melodía máis melancólica que se poi-

da escoitar. Entón as xentes collían do peto, da faltriqueira, ou da hucha uns «cans» para darlle. Dín que ninguén xamais lle negou unha esmola, mirade con que maestría, e estou seguro que sentimento tamén, utilizaba a música, a súa desgracia, a bondade que o rodeaba...

Cando rematamos de falar do misterioso home, que a min non me era descoñecido pois vírao tocar nunha feira, concretamente na de Rábade, deixámo-lo tema e íalle preguntar polo seu fillo máis novo –que daquela tería uns meses–, cando unha maravillosa e doce melodía nos deixou tesos coma dous paus. Axiña souben que tiña que ser o do violín, o home do que estivéramos a falar. Saímos fora da corte, ía moito frío, e xeaba. A lúa dáballe a todo un aire sobrenatural. Víase todo coma dunha cor azul: escura nalgúns puntos e máis clara noutros, podendo chegar ó negro nos lugares ós que non chegaba a máxica luz, e ó branco inmaculado de lúa mesma. Podería silbar aquela canción aínda que pasaran douscentos anos; era tan celestial: elevaba o espírito –como dicía o cura no púlpito, os domingos. Pero a música non é a mesma para todas as persoas. A min fervíame o sangue nas veas; pero supoño que ó que a interpretaba partíasele o corazón, caiaselle a alma. Eu sentino...

Estabamos tan sorprendidos que non sabemos, aínda hoxe, canto durou a triste serenata. O caso é que parou de súpeto, tal como comezara. Un can oubeaba. Era o da casa do home, díxomo o Marcelino. Corremos cara alí

como se nos chamasen a berros. A porta da pequena casa estaba aberta (como se esperara que alguén entrase...) Entramos. Alí estaba sentado nunha cadeira vella. O violín caéralle das mans e había moitos papeis ciscados. Estaba morto, e cos ollos pechados, profundos...

O que máis me chamou a atención foi que todo o que rodeaba a ese home era música. Obras e máis obras de música escrita. Entre elas un requiem que era o que tocou para se despedir: e nós escoitamola.

Din que a súa música soa en Barcelona e mesmo en Madrid. O que ninguén sabe é que eu lle escoitei a súa mellor obra, a que interpretou con máis sentimento. Eu e o Marcelino estábamos alí. Foi unha noite máxica que sempre recordarei... ata que toquen a miña canción. Ó outro día despóis de pasa-la noite sen durmir, levanteime silbando a súa despedida.

O cuxo do Marcelino, aínda que vos pareza extraño segue vivo. Vai velliño e segue tendo esa mirada en calma, coma a dunha lagoa, escura e profunda».

Meu avó deixounos a todos bébedos de pracer. Sempre lembrarei a noite que o contou por derradeira vez. Despois de remata-lo conto funme deitar e soñei con aquel home extraño.

Agora chove e fáiseme tarde. Hoxe quero ir ó Auditorio...